

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Protección de datos a partir da pandemia Covid-19

CONVOCATORIA: Xornada Protección de datos a partir da pandemia COVID-19

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	3
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓN:	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/09/2020 - 08:00h ao 21/09/2020 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓN

DESCRIPCIÓN CURSO

O obxectivo principal desta xornada é tomar coñecemento das últimas novidades na aplicación da normativa de protección de datos a partir da emerxencia sanitaria derivada da pandemia COVID-19 e analizar o impacto das medidas adoptadas sobre os dereitos contemplados en dita normativa.

DESTINATARIOS

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais.

PROGRAMA

Nesta xornada trataranse os seguintes contidos:

1. Dereitos fundamentais e dereito á privacidade no novo contexto a partir da COVID-19.
2. Análise xurídica do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas respecto ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD-GDPR).
 - a) Conceptos básicos.
 - b) Os Principios da Protección de Datos.
 - c) Dereitos dos/as interesados/as. En especial, o “dereito ao esquecemento” e o dereito á portabilidade de datos.
 - d) O “Privacy by design”.
 - e) Medidas de seguridade e obriga de notificación do “Data breach”.
 - f) Avaliación de impacto en protección de datos e consulta previa.
 - g) O Delegado de Protección de Datos.
 - h) Sancións, responsabilidade e recursos.
3. Referencias á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD).
4. Resolución de consultas frecuentes:
 - a) Realización de tests da COVID-19 aos/ás traballadores/as.
 - b) Toma de temperatura en accesos.
 - c) Uso de cámaras térmicas.
 - d) Identificación por recoñecemento facial.
 - e) Uso de apps de rastrexo de localización e/ou contactos.
 - f) Dereito á desconexión dixital a partir da pandemia.
5. Atención de dúbidas e preguntas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria.

As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 29/09/2020 a 29/09/2020

NUM. PRAZAS: 60 **ESTADO:** NORMAL **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

VICTOR ALBERTO SALGADO SEGUIN